



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es



Coa formación adecuada e coa experiencia no ámbito da avaliación os e as profesionais da psicoloxía están na situación idónea para a aplicación e o desenvolvemento da Norma.

www.cop.es/ptorh/



A NORMA ISO 10667 GARANTÍA NA AVALIACIÓN DE PERSOAS



Información da Sección de
Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

A NORMA UNE-ISO 10667

A Norma ISO 10667 é unha norma internacional encamiñada a mellorar e a asegurar a calidade dos procesos de **avaliación de persoas en contornas laborais e organizacionais**.

O Consejo General de la Psicología en convenio con AENOR pon a disposición das organizacións e dos/as profesionais da psicoloxía esta norma que contribuirá a mellorar os procesos de avaliación, permitindo un novo campo de actividade para os psicólogos e psicólogas expertos/as en avaliación de persoas.

A través da súa División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos, o Consejo programou **accións formativas**, desenvolveu ferramentas e metodoloxía para as aplicacións da Norma.

QUE SE AVALÍA

A Norma permitirá que as organizacións sexan usuarios máis eficaces da avaliación e que esta se efectúe de forma adecuada, normalizada e equitativa. Avalía **persoas, produtos, procesos e sistemas** establecendo procedementos e métodos individual, grupal e organizacional.

BOE

Procedementos e métodos para a avaliación de persoas en contornas laborais e organizacionais.

Publicado no BOE nº 164, de 10 de xullo de 2013.

PARTES E PROCEDEMENTOS

- A Norma UNE-ISO 10667 consta de dúas partes:
 - PARTE 1: Deberes do cliente (organizacións).
 - PARTE 2: Deberes do provedor de servizos (profesionais da psicoloxía).

Establécense recomendacións, obrigas e responsabilidades que deben respectar **cliente e provedor** antes, durante e despois da avaliación.

- As fases do proceso de avaliación son:
 - Procedementos para formular o acordo.
 - Procedementos da fase previa á avaliación.
 - Realización da avaliación.
 - Revisión post-avaliación.

PRESTACIÓN DE SERVIZOS

A Norma proporciona orientacións claras e concisas definindo as accións a seguir para garantir que a avaliación sexa equitativa e de calidade durante todo o ciclo laboral das persoas no contexto organizacional.

